

FUNCIONAMENTO DO ARMARIO


O armario permite a carga dun máximo de 30 equipos.

Unha vez conectado á rede eléctrica o armario está plenamente operativo e non é necesario manipular o reloxo programador por parte do usuario para que comece a funcionar.

O armario vén configurado de fábrica para a carga programada de luns a venres en horario nocturno, de 01:00 a 05:00 AM.

Adicionalmente, se fose necesario, pódese realizar a carga de forma manual en calquera horario (premendo o botón de carga manual), e o armario retornará a carga programada ao final de cada día.

1. Descripción dos indicadores luminosos LED



Interruptor principal de acendido-apagado (botón nº1)

- **Luz apagada**, o armario está apagado.
- **Luz acesa**, o armario está aceso.

Pulsador de carga manual (botón nº2)

- **Luz apagada**, o armario non está cargando nin en horario de carga programada.
- **Luz acesa fixa**, o armario está cargando e hai consumo eléctrico.
- **Luz acesa parpadeando 1 vez por segundo**, o armario está en ciclo de carga, pero non hai consumo eléctrico.
- **Luz acesa parpadeando 5 veces por segundo**, cando se pulsou o botón nº2 durante un ciclo de carga manual activo, indica que o ciclo de carga se está apagando.

2. Instrucións para parada de emerxencia



Se é necesario cortar totalmente a subministración eléctrica do armario, coloque o **Interruptor principal (botón nº1)** en posición cero. **NON ESQUEZA** colocalo en posición I para volver a utilizar o armario. Unha vez feito isto, a programación de carga volverá a funcionar normalmente.

3. Instrucións para traslado do armario

- Apague o interruptor principal.
- Desconecte o cable de alimentación e recóllao.
- Se o armario está fixo á parede, retire os parafusos.
- Realice o traslado do carro agarrándoo polas asas laterais.
- Faga o proceso inverso para volver a conectalo.

4. Instrucións para carga manual nun horario distinto ao programado de fábrica




En caso de querer cargar os dispositivos nun **horario diferente á programación de fábrica**, active o **pulsador de carga manual**.

A carga manual **non anulará** a programación do armario e volverá automaticamente a ela ao final do día.

5. Instrucións para modificar a programación de fábrica

- Abra a porta traseira do armario e pulse calquera botón se a pantalla do programador está apagada.
- Pulse **MENU**
- Pulse **▶/SET** para seleccionar a opción **SET SCHEDULE**
- Pulse **▲ ▼** para establecer valores e **▶/SET** para avanzar/confirmar, determine os datos de programación desexados (hora e minuto de inicio e fin da carga, e os días de activación)



6. Instrucións para restaurar a programación aos valores de fábrica

- Abra a porta traseira do armario e pulse calquera botón se a pantalla do programador está apagada.
- Pulse **MENU**
- Cos botóns **▲ ▼** seleccione a opción **SET DEFAULTS**, e pulse **▶/SET**
- Pulse **▶/SET** de novo para restaurar os valores de fábrica, ou **MENU** para cancelar.

